Federación Galega de Atletismo
Complexo Deportivo de Elviña, Avenida de Glasgow, 13
15008 A Coruña. - T. +34 981 291 683 - federacion@atletismo.gal
atletismo.gal - carreirasgalegas.com

XUNTA DE GALICIA
DEPORTE GALEGO

MEDIDAS DE ACTUACIÓN
Carreira e Andaina Pinga Pinga

MARÍN 23/10/2021

A entrada á instalación realizarase polo "**Acceso** ao campo de Fútbol Chan de Piñeiro" mantendo a distancia de seguridade de 1,5 metros entre persoas.

O control de acceso establecerase na entrada á instalación (punto vermello de **Acceso** no plano). Haberá control de temperatura, sendo imprescindible para poder acceder que a mesma non supere os 37,5°C.

O anel que rodea o Estadio de Fútbol Chan de Piñeiro será de uso exclusivo para a circulación, estando unicamente habilitada a **"GRADA"** principal para o visionado da competición.

Dada a excepcional situación producida polo Covid-19 o quecemento se realizará no exterior do Campo de Fútbol de Chan de Piñeiro.

O dorsal recollerase na zona de **inscricións** fora do estadio de fútbol, intre no que deberá entregarse a **declaración responsable** sen a cal non se autorizará a participación.

É obrigado por todos a utilización da máscara cirúrxica de forma correcta, tapando nariz e boca, durante a competición; a excepción dos atletas que estean competindo, segundo o estipulado no Protocolo da FGA.

Lémbrase que, nas carreiras, as máscaras coas que se entre a zona de competición serán destruídas e se entregará unha nova unha vez chegado o atleta a meta. No caso de abandono sen concluír a proba, o atleta en cuestión deberá achegarse á zona de meta para lle ser entregada unha máscara.

A organización estará a disposición tanto dos servizos médicos, como da persoa nomeada pola FGA para supervisar o protocolo sanitario; para que en todo momento se sigan as medidas sanitarias adecuadas.

O incumprimento destas normas poñerase en coñecemento da autoridade ou organismo competente por se pode ser constitutivo dun delito, situación disciplinaria ou sanción.